



## CONVOCATORIA DE ASEMBLEA XERAL ORDINARIA E EXTRAORDINARIA

Estimadas socias e socios,

Pola presente, convócase a todas as persoas asociadas á Asemblea Xeral Ordinaria e Extraordinaria da Asociación Teenses pola Igualdade, que se celebrará o vindeiro día xoves, 20 de xuño de 2024, ás 20:15h en primeira convocatoria, e en segunda convocatoria ás 20:45h, na Casa Común de Cacheiras, sita na Travesía de Cacheiras, 38.

A ORDE do día será a seguinte:

### ASEMBLEA ORDINARIA:

1. Lectura e aprobación, se procede, da acta anterior.
2. Informe de xestión e actividades
3. Estado de contas
4. Rogos e preguntas

### ASEMBLEA EXTRAORDINARIA:

1. Nomeamento e revogación dos membros da Xunta Directiva.
2. Modificación dos estatutos para a rectificación do erro de omisión do artigo 16 sobre as atribucións da tesoureira.
3. Modificación do artigo 6 dos estatutos para reducir o número de vocais necesarios para a Xunta Directiva de 5 a 3 persoas.
4. Modificación dos estatutos para incluír no artigo 7 que, en caso de renuncia ou do transcurso do prazo de mandato dun membro da Xunta Directiva, non se producirá o cesamento automático senón que se deberá realizar un traspaso efectivo de poderes, incluíndo a entrega de documentación e posta ao día do sucesor.
5. Rogos e preguntas.

A vosa asistencia é fundamental para seguir traballando xuntas e xuntos na consecución dos nosos obxectivos.

Agradecendo de antemán a vosa participación, recibide un cordial saúdo.

Teo, a 5 de xuño do 2024

Josefina Angueira Coto  
Secretaria da Asociación Teenses pola Igualdade